

## ACTA

En Arzúa, a 19 de maio de 2015.

Sendo as 9.15 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **terceiro exercicio** sobre coñecemento do **idioma galego**, de que consta a oposición convocada para poder seleccionar á persoa que será contratada, a xornada completa, como tractorista e operario de servizos varios, durante un período de dezaioito meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 27 de marzo de 2015.

Asisten a esta reunión os seguintes membros da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: Don Luis Fole Barrio.
- Secretario: Don Juan Colmenares López-Soldado.
- Vogais:
  - Don Ramón Verea Castelo.
  - Don Jesús Rúa Taboada.
  - Don Secundino Quiñoy Amboage.

\*Asesora: María Lage Vázquez (*Diplomada en Maxisterio, especialidade en lingua galega*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora –de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común--, o Sr. presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, dispoñendo que seguidamente se ía proceder a realizar o exercicio sobre coñecemento do idioma galego.

Cuxo exercicio corresponde realizar aos dous aspirantes que superaron o segundo exercicio de carácter práctico, don José Antonio Fuentes Lamela e don Javier Valiño López, por canto que ningún dos dous aspirantes acreditou estar en posesión do Celga 3 ou equivalente debidamente homologados.

Deseguido a asesora da Comisión Seleccionadora elaborou cinco frases en castelán, para ser traducidas ao galego, considerando os integrantes da Comisión Seleccionadora que desta maneira –a través da traducción desas frases- poderíase comprobar se os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego.

Sendo esas frases as seguintes:

1. *La futbolista compostelana juega este miércoles en su ciudad con la selección española de fútbol contra Austria.*
2. *Este verano haré un largo viaje en avión.*
3. *Los primos nos dejaron la llave en casa de los abuelos.*

4. *El lunes, miércoles y jueves de la próxima semana, trabajo de mañana.*
5. *El molino fue un elemento fundamental de nuestra arquitectura popular.*

As anteriores frases quedaron transcritas nun folio, do cal se fixo unha fotocopia para entregala aos dous aspirantes que tiñan que realizar este exercicio.

Así, unha vez entregado ese folio a cada un, se lles fixo saber que dispoñían de quince minutos para traducilo ao galego, desde as 9.25 horas ata as 9.40 h.

Porén antes de transcorrer o prazo concedido ambos aspirantes entregaron os exercicios realizados, que quedaron unidos ao expediente; polo que -desde as 9.40 horas ata as 9.50 horas- a Comisión Seleccionadora, co asesoramento da profesora de lingua galega, estiveron realizando a corrección dos exercicios; outorgando as seguintes puntuacións –por unanimidade de todos os integrantes da Comisión Seleccionadora-:

- 1.- Javier Valiño López.....2 ,00 puntos
- 2.- José Antonio Fuentes Lamela.....1,75 puntos.

En consecuencia con todo o exposto; e resultando (conforme ao disposto na Base Décima):

-Que a puntuación final virá determinada polo suma da puntuación obtida na proba teórica, na proba práctica e na proba de coñecementos do idioma galego.

- Que a Comisión Seleccionadora propondrá ao alcalde a contratación daquel aspirante que obtivera a maior puntuación, sen que poidan ser propostos máis aspirantes que o correspondente ao posto de traballo que se pretende contratar.

Adoptáronse –por unanimidade dos cinco membros integrantes da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Formular a proposta de contratación a favor de don **Javier Valiño López**, para realizar as funcións propias do posto de traballo de tractorista e operario de servizos varios, por ser o que obtivo a puntuación máis alta ao final do proceso de selección, e por canto que tanto na realización do exercicio teórico, como na realización do exercicio práctico, obtivo unha puntuación superior aos 5 puntos sobre 10, para non quedar eliminado; todo o cal supuxo que o resultado do proceso de selección fose o seguinte:

	Exercicio teórico	Exercicio práctico	Proba galego	TOTAL
Javier Valiño López	7,70 puntos	8 puntos	2 puntos	17,70
José Antonio Fuentes Lamela	6,90 puntos	6 puntos	1,75 puntos	14,65

**Segundo**.- De conformidade co disposto na Base Décima trasladar esta proposta de contratación a favor do seguinte e único aspirante, que superou os tres exercicios, para o suposto de que o aspirante seleccionado non poidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado, ou renuncie a esta contratación en calquera momento

**Terceiro**.- Dispoñer a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, e na páxina web do concello, dun exemplar desta acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte) co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base decimosegunda das que rixen a oposición.

Co cal douse por rematado o acto, ás 10.00 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.